

CONCLUSIÓN INFORMES DIAGNOSE MEDIOAMBIENTAL EMPRESAS COMARCAS FERROLTERRA E EUME

FECHA REALIZACION: XUÑO 2011

ELABORADO POR: TECNICO PROYECTO ECOEUME

Acción gratuita cofinanciada polo **Fondo Social Europeo**



INDICE:

1. PRESENTACION DO PROXECTO ECOEUME
2. OBXECTO E ALCANCE DOS INFORMES DE DIAGNOSE MEDIOAMBIENTAL
3. METODOLOXIA
4. PRESENTACION DE RESULTADOS
5. CONCLUSIONS

1. Presentación do Proxecto Ecoeume

❖ ¿Qué é o Proxecto Ecoeume?

A Fundación Biodiversidad é unha fundación do sector público estatal creada en 1998 polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro constituída para a realización de actividades de interese xeral relacionadas coas competencias do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, coa conservación, o estudo e o uso sustentable da biodiversidade así como coa sustentabilidade do desenvolvemento.

O Programa empleaverde, implantado por esta entidade, pretende ser unha oportunidade para os traballadores, as empresas e o medio ambiente. Neste programa a Fundación Biodiversidad actúa como Organismo Intermedio do Programa Operativo Adaptabilidade e Emprego do Fondo Social Europeo 2007-2013. No marco deste Programa desenvólvense proxectos que permiten facer realidade os obxectivos para a mellora do emprego e do medio ambiente do Fondo Social Europeo e da Fundación Biodiversidad.

O Proxecto EcoEume, promovido e executado pola Asociación Euroeume, enmárcase dentro do **Programa empleaverde** 2007-2013 da Fundación Biodiversidad e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo. O **obxectivo xeral** deste proxecto é contribuír ao desenvolvemento sustentable do territorio de actuación de Euroeume a través da realización dunha serie de accións que contemplan o asesoramento, a realización de diagnoses ambientais gratuítas para empresas e a impartición de cursos sobre xestión medioambiental para traballadores. Estas accións están encamiñadas a acadar a modernización das empresas, adaptándoas á normativa ambiental actuando directamente sobre as competencias dos traballadores. Este proxecto tamén contempla a realización de actividades de difusión e a edición de material divulgativo, que pretenden reforzar a información e sensibilización en materia ambiental, de xeito que contribúan á sustentabilidade das actividades económicas do territorio, mellorando as competencias do emprego en materia ambiental e contribuíndo á creación de empresas.

A elaboración destes **Informes de Diagnose Inicial Medioambiental** baséase na norma **UNE EN ISO 14001** (norma internacional certificable), de xeito que permita posteriormente implantar nas empresa diagnosticadas un **SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL**.

❖ Requisitos dos Sistema de Xestión Medioambiental

Como dicíamos, o presente documento basease nos requisitos marcados pola norma **UNE EN ISO 14001**, como ferramenta normalizada para o desenvolvemento do **Sistema de Xestión Medioambiental**, que proporciona ás empresas as seguintes melloras:

- Mellorar o seu comportamento medioambiental.
- Satisfacer as esixencias e/ou expectativas das partes interesadas.
- Recoller os beneficios que proporciona unha xestión medioambiental efectiva.
- Dispor dunha estrutura que permite avaliar e integrar os intereses económicos e medioambientais
- Proporcionar a posibilidade de mostrar a conformidade do noso comportamento ante terceiros.



2. Obxecto e alcance da Diagnose Medioambiental inicial

❖ Obxecto do Informe de Diagnose Medioambiental Inicial

O obxecto dos **Informes de Diagnose Medioambiental Inicial** realizados é identificar os aspectos medioambientais significativos xerados nas instalacións e pola prestación dos servizos desenvolvidos polas empresas diagnosticadas, así como o grao de cumprimento dos requisitos legais que resultan de aplicación obrigatoria para as actividades desenvoltas por cada empresa. Este será o punto de partida para o deseño e a implantación dun Sistema de Xestión Medioambiental (SGMA).

Este informes permitirán ás empresas coñecer basicamente os seguintes aspectos fundamentais:

- Identificación e xerarquización dos aspectos medioambientais.
- Grao de cumprimento da lexislación medioambiental aplicable.
- Análises do grao actual da xestión medioambiental da empresa
- Facilitar o control, por parte da dirección da empresa, das accións que poden ter efectos sobre o medioambiente.
- Avaliar se están cumprindo os requisitos externos que a lexislación impón ás empresas e as obrigas que se autoimpón cada empresa neste campo.

❖ Alcance dos Informes de Diagnose Medioambiental Inicial

O alcance desta Diagnose inclúe, de forma xeral, todas as instalacións, actividades e servizos que se realicen baixo responsabilidade de cada unha das empresas participantes no proxecto. Esta actuación realízase como paso previo necesario para o desenvolvemento dunha axeitada xestión ambiental.

Cada empresa debe coñecer cál é a súa situación actual, determinando as súas carencias, para definir unha estratexia que permita enmarcar as súas actuacións dentro dun Sistema de Xestión Medioambiental e establecer o xeito de acadar os obxectivos. Os informes individuais permitirán ás empresas coñecer a súa situación actual e establecer medidas cuantificables para unha correcta xestión medioambiental e poder conquistar o obxectivo final da implantación dun SXMA; a **mellora continua** do comportamento ambiental.

3. Metodoloxía

Para a realización dos Informes de Diagnose Medioambiental, procedeuse á realización de entrevistas ao persoal das empresas, mediante a cumprimentación dunha enquisa, que permitiu obter datos acerca da xestión medioambiental das empresas. Tamén realizouse un proceso de observación das actividades e servizos ofertados polas empresas para identificar en que aspectos son susceptibles de producir un impacto (directo/indirecto) no medioambiente. Con estes informes preténdese obter conclusións de carácter medioambiental que permitan ás empresas tomar medidas de xestión e protección do Medio Ambiente.

Á hora de elaborar este informe de conclusións tratáronse os datos das enquisas completadas polo persoal de todas as empresas ás que se lles realizou o Informe de Diagnose Medioambiental, sendo un total de 76 empresas destas comarcas as que participaron no proxecto. Os datos obtidos non se basearon nunha mostra representativa das empresas e sectores presentes nos diferentes parques industriais da zona, polo que os resultados non teñen resultan representativos estatisticamente da situación medioambiental dos polígonos industriais da zona, pero si poden ofrecer unha visión significativa da situación das empresas da zona no referente á xestión medioambiental.

Xeralmente as diagnoses medioambientais dos polígonos industriais fanse a partires dunha metodoloxía orientada a facer una diagnose xeral do polígono, tratándose dunha maneira específica na elaboración dos cuestionarios dirixidos ás empresas instaladas neste polígono, posto que o obxectivo é realizar una recompilación de información nas empresas do polígono buscando fundamentalmente dúas cousas: problemas común e posibles sinerxías entre as empresas instaladas en cada polígono.

Neste caso os cuestionarios elaborados centráronse na elaboración dunha diagnose medioambiental das empresas, polo que as conclusións globais da diagnose medioambiental do polígono están baseadas na observancia das situacións das empresas nos aspectos medioambientais, e non na procura de posibles sinerxías entre as empresas de cara á realización dun plan de actuación específico para cada un dos polígonos nos que están instaladas ás empresas participantes do proxecto.

A presentación destas conclusións realízase tanto a nivel global, tomando como base para esas conclusións o total das empresas diagnosticadas, como a niveis menores, analizando as posibles diferenzas existentes entre as empresas localizadas en parques empresariais e as localizadas en zonas urbanas, ou as diferenzas existentes entre os diversos parques empresariais nos que se localizan as empresas diagnosticadas.

Asemade en base aos datos obtidos realízase un pequeno resumo dos resultados obtidos nas diagnoses medioambientais das empresas situadas nos diferentes parques industriais nos que se localizan a empresas que participaron neste proxecto: Penapurreira e Os Airíos (As Pontes), Vilar do Colo e Río do Pozo. Neste caso non podemos falar dunha diagnose medioambiental de cada un dos polígonos, posto a metodoloxía empregada está pensada para realizar diagnoses individuais de cada unha das empresas participantes no proxecto.

4. Presentación dos Resultados

❖ Datos das empresas:

Nº Empresas diagnosticadas: 76

Zonas Procedencia:

A maioría das empresas participantes neste proxecto estaban localizadas en polígonos industriais. Máis do 80% dos Informes de Diagnose Medioambiental realizados corresponden a empresas localizados nos parques industriais de Os Airíos e Penapurreira (As Pontes), Vilar do Colo (Fene - Cabanas), Río do Pozo (Narón), e A Gándara (Ferrol).

Ferrol: Polígono de A Gándara (3 empresas)

Narón: Polígono de Río do Pozo (15 empresas)

Cabanas: Polígono de Vilar do Colo (18 empresas)

As Pontes:



- Zona Urbana (9 empresas)
- Zona Rural (1 empresa)
- Polígono Os Airíos (18 empresas)
- Polígono Penapurreira (6 empresas)

As Somozas: zona urbana (2 empresas)

San Sadurniño: zona rural (1 empresa)


Valdoviño: zona rural (1 empresa)

Miño: zona urbana (2 empresas)



Sectores Actividade:


Todos os polígonos da zona de Eume e Ferrolterra, que constitúe a zona de actuación de Euroeume neste proxecto, pódense clasificar como “Polígonos Independentes con actividades heteroxéneas”, posto que son polígonos que non dependen dun cliente principal, nos que están presentes actividades de todo tipo e que xurdiron pola dispoñibilidade de solo industrial, pola existencia dunhas infraestrutura axeitada e pola proximidade de núcleos de poboación importantes. Se cadra a única excepción a estas circunstancias sería a do Polígono de Penapurreira, en As Pontes, un polígono creado baixo o amparo do Plan MINER, e que unicamente contempla a instalación no mesmo de empresas industriais, que signifiquen a creación de numerosos postos de traballo, aínda que as industrias instaladas neste polígono son de diversa tipoloxía (Siderometalúrxicas, Madeira, Alimentación, Artes Gráficas,...)




A maioría das empresas participantes neste proxecto pertencen aos sectores da construción (ao que tamén poderíamos engadir o de Madeira), ao sector siderometalúrxico e ao sector comercial ou de distribución e, en menor medida, ao sector da automoción (talleres de reparación e venda de vehículos).

Empresas Certificadas:


En primeiro lugar hai que indicar que os Sistemas de Xestión máis estendidos na zona serían os de Calidade, que están certificados en practicamente o 50% das empresas que participaron neste proxecto.




Se atendemos aos diferentes polígonos industriais nos que están instaladas as empresas participantes no proxecto, pódese apreciar que existen importantes diferenzas nas porcentaxes de empresas certificadas en Sistemas de Xestión da Calidade. Cabe destacar os Polígonos de Vilar do Colo e de Penapurreira, onde máis do 65% das empresas que participaron no proxectos teñen esta certificación.



En canto ao número de empresas certificadas cun Sistema de Xestión Medioambiental, a porcentaxe é moito máis baixa, posto que menos do 25% das empresas diagnosticadas están nesta situación. Tamén resulta significativo que dentro das empresas non certificadas menos do 30% teña a intención de certificarse nun sistema de Xestión Medioambiental no curto ou medio prazo.




Se atendemos aos diferentes polígonos industriais nos que están instaladas as empresas participantes no proxecto, pódese apreciar que existen importantes diferenzas nas porcentaxes de empresas certificadas en Sistemas de Xestión do Medioambiente. Cabe destacar o Polígonos de Penapurreira, no que máis do 65% das empresas que participaron no proxectos teñen esta certificación. Nos restantes polígonos o número de empresas certificadas en medioambiente é mínimo, se ben, debemos reiterar que nalgúns polígonos o número de empresas diagnosticadas non é demasiado significativo (Vilar do Colo e Río do Pozo).




Formación Medioambiente:

Outro dos aspectos a ter en conta en canto á diagnose medioambiental das empresas céntrase nos coñecementos dos empresarios e traballadores en canto á lexislación medioambiental aplicable á súa actividade e no relativo á formación que reciben os traballadores das empresas nos temas medioambientais. Os datos obtidos nas diagnoses das empresas participantes mostran que o coñecemento da lexislación medioambiental aplicable nas empresas ten un nivel medio-baixo. Só nun 30% das empresas participantes se pode considerar que estes coñecementos son altos, coincidindo, por norma xeral, coas empresas que teñen implantado un Sistema de Xestión Medioambiental ou que teñen intención de aplicalo no curto prazo.





Se ben case todas as empresas participantes realizan algún tipo de formación para os seus traballadores, sobre todo en temas relacionados coa Prevención de Riscos, a formación en temáticas medioambientais. Hai que ter en conta que a maioría das empresas non contan cun Plan de Formación, só as empresas que contan con algún tipo de Certificación en Sistemas de Xestión o teñen, e nin sequera todas as empresas certificadas en medioambiente afirman ter formación relacionada co medioambiente.



Procesos Xestión Ambiental:

En canto aos Procesos de Xestión Ambiental nas empresas, podemos dicir que non é unha das prioridades das empresas diagnosticadas. A maioría das empresas participantes non teñen definida unha política medioambiental na empresa, e tampouco teñen unha persoa designada como Responsable de Medioambiente. Agás algunhas excepcións, só as empresas certificadas cun Sistema de Xestión Medioambiental (e as que están no proceso de implantación) contan cunha política Medioambiental que contemple o compromiso de mellora continua, velando polo cumprimento dos requisitos do produto ou servizo ofrecido e a lexislación medioambiental.





A figura do Responsable de Medioambiente, que é unha das obrigas marcadas pola lexislación medioambiental vixente, só está presente en 32 das empresas diagnosticadas, o que significa aproximadamente o 40% do total de empresas participantes. Das 44 empresas que daquelas que non contan con esta figura só 4 empresas teñen designada unha persoa para realizar as tarefas relacionadas coa xestión medioambiental, xeralmente as relacionadas coa xestión dos residuos xerados na actividade da empresa (arquivo de albarás dos Xestores de Residuos, etc).



Aspectos Medioambientais:

Outra das obrigas legais das empresas é establecer procedementos para identificar os aspectos ambientais de cara a coñecer cales teñen ou poden ter un impacto ambiental significativo. Durante a realización deste informe de conclusións apreciouse que a maioría das empresas participantes non teñen establecido estes procedementos. Por norma xeral as empresas que teñen unha planificación dos seus procesos medioambientais coinciden con aquelas que xa teñen implantado un Sistema de Xestión Medioambiental ou ben están no proceso de implantación do mesmo. Coñecer o impacto ambiental xerado pola empresa no desenvolvemento da súa actividade é vital á hora de establecer procedementos que minimicen estes impactos para que a empresa cumpra, canto menos, os requisitos legais de aplicación.



Os principais aspectos problemáticos a nivel medioambiental nas empresas participantes neste proxecto céntranse na xeración de Residuos, nas Emisións de CO₂, nos Verquidos, e na xeración de Ruídos e Vibracións. Estas problemáticas están presentes en practicamente todas as empresas participantes, se ben a importancia das mesmas varía en función da actividade desenvolvida. Por exemplo, as empresas do sector comercial ou distribución non presentan problemas de vibracións.

Cabe indicar que a maioría das empresas participantes, practicamente o 70 %, non contemplan realizar actuacións sobre estes aspectos problemáticos. Como xa comentabamos anteriormente dentro das empresas que si contemplan a realización de actuacións sobre estes aspectos, a práctica totalidade corresponde a empresas que ben están certificadas nun Sistema de Xestión Medioambiental, ben están en proceso de implantación da mesma, ou manifestaron a súa intención de certificarse nun futuro próximo.

Xestión de Residuos:

Unha das cuestións que maior interese suscita entre os empresarios no referido á xestión medioambiental das empresas é a relacionada coa Xestión dos Residuos. Unha axeitada xestión dos residuos pode servir para aforrar gastos, pero tamén pode significar unha vía para acadar ingresos (vía comercialización de subprodutos, ou a través da venda dos propios residuos xerados na actividade habitual da empresa (papeis, plásticos, madeira,...)). No referente á xestión de residuos existe unha normativa bastante ampla, a lexislación aplicable en Galicia está marcada por:


- [Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, que regula a rastrexabilidade dos residuos.](#)
- [Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia](#)
- [Decreto 174/2005, do 9 de xuño, que regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia](#)

As preguntas contempladas no cuestionario utilizado para a realización da diagnose medioambiental inicial das empresas parten desta lexislación, contemplándose un total de 9 liñas.

A primeira liña céntrase en saber se a empresa, polo volume e natureza dos residuos xerados, ten a obriga de estar dada de alta no **Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia** e, no caso de ter esta obriga, se efectivamente está inscrita neste Rexistro. A gran maioría das empresas participantes teñen a obriga, segundo as indicacións do SIRGA (por normativa todas as empresas deberían estar inscritas, agás as que só producen residuos asimilables a urbanos, nunha cantidade inferior aos 10.000 kgs. de residuos ao ano, pero é necesario que pidan unha autorización á Consellería de Medioambiente), de inscribirse neste rexistro, pero só o 55% das empresas participantes estaban inscritas no momento da realización da diagnose.

Un segundo aspecto a cumprir polas empresas en base á lexislación vixente, é a obriga de contratar cun xestor de residuos autorizado polo **Servizo de Control da Xestión de Residuos, de la Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental** para cada tipo de residuo. Este é o aspecto no que se detectou un maior cumprimento da lexislación ambiental, posto que máis do 80% das empresas diagnosticadas teñen contratados os servizos de xestores autorizados. Analizando ás empresas que non cumpren con este requisito, detectouse que agás excepcións son empresas pequenas, cun escaso volume de residuos xerados, en practicamente ningún caso perigosos, e que xestionan

os seus residuos a través dos contedores municipais de residuos urbanos, sen que medie nestes casos a pertinente autorización dos concellos en cuestión.




O seguinte aspecto contemplado na diagnose é saber se a empresa dispón dun espazo específico, e correctamente habilitado, para realizar o almacenamento dos residuos xerados na actividade da empresa e, no caso de dispoñer deste espazo, se realizan correctamente a segregación destes residuos. Este aspecto cúmprese positivamente en máis do 80% das empresas diagnosticadas, que ademais de dispoñer dun espazo axeitado realizan correctamente a segregación dos residuos, incluso no caso dalgunha das empresas que non contratan xestores autorizados, procúrase realizar unha segregación dos diferentes tipos de residuos para utilizar correctamente os contedores do servizo municipal de xestión de residuos. Neste ámbito o principal problema céntrase noutro dos aspectos contemplados no cuestionario cuberto polas empresas participantes no proxecto, a inspección periódica das instalacións e a realización de accións correctoras no caso de atopar problemas. Máis do 60% das empresas participantes no proxecto ou ben non realizan inspeccións periódicas e, no caso de atopar problemas, non realizan as actuacións correctoras necesarias.

O seguinte aspecto analizado está relacionadas co almacenaxe dos residuos. En primeiro lugar hai que indicar que a maioría das empresas non fai un etiquetado correcto dos residuos segundo o marcado pola lexislación medioambiental vixente. Neste caso hai que indicar que a maioría das empresas descoñecen cal é a maneira correcta de etiquetar os residuos, tal e como manifestaron diversos empresarios e traballadores nos cursos realizados no marco do Proxecto Ecoeume. En segundo lugar a maioría das empresas descoñece ou incumpre o prazos máximos de almacenamento estipulados para os diferentes tipos de residuos, estipulados en seis meses, salvo no caso de ter unha autorización especial do Concello.

Outro último punto sometido a estudo, e que está contemplado pola lexislación vixente en materia de Xestión de Residuos, é a realización dun rexistro de residuos, para facer un seguimento dos residuos xerados pola empresa na súa actividade. Como indicamos anteriormente a maioría das empresas teñen contratados os servizos de un ou varios Xestores de Residuos autorizados polo **Servizo de Control da Xestión de Residuos, de la Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**, pero os albarás que lles entregan estes Xestores ás empresas, con sorte son gardados para levar un control administrativo, pero só un 25% das empresas participantes neste proxecto teñen un Rexistro de Residuos conforme o marcado pola lei.

Plan de Emerxencias Medioambientais:

Este é outro dos aspectos marcados como obrigatorios pola lexislación medioambiental vixente. As empresas deben dispor de procedementos de actuación a levar a cabo en caso dun accidente ou incidente puntual que poda afectar ao medioambiente. Estas medidas de prevención permiten medir os tempos de actuación en caso de incidencia e permiten predicir impactos ambientais ou aspectos non identificados anteriormente durante a fase de identificación e avaliación dos mesmos. Unha vez máis, a maioría das empresas diagnosticadas carecen deste tipo de protocolo de actuación, coincidindo as empresas que si que o teñen con aquelas que teñen una certificación nun Sistema de Xestión Medioambiental ou que están en proceso de implantación.



5. CONCLUSIONS:

Como xa dixemos anteriormente, á hora de elaborar este informe de conclusións tratáronse os datos das enquisas completadas polo persoal de todas as empresas ás que se lles realizou o Informe de Diagnose Medioambiental, sendo un total de 76 empresas das comarcas de Eume e Ferrolterra as que participaron no proxecto. Os datos obtidos non se basearon nunha mostra representativa das empresas e sectores presentes nos diferentes parques industriais da zona, polo que os resultados non teñen resultan representativos estatisticamente da situación medioambiental dos polígonos industriais da zona, pero si poden ofrecer unha visión significativa da situación das empresas da zona no referente á xestión medioambiental.

As enquisas completadas centráronse nos temas necesarios para realizar unha diagnose medioambiental individual que servise como punto de partida á hora de iniciar os procesos de certificación medioambiental, para coñecer o estado de cada empresa e saber en que aspectos terían que mellorar para poder acceder e manter un Sistema de Xestión Medioambiental.

Xeralmente as diagnoses medioambientais dos polígonos industriais fanse a partires dunha metodoloxía orientada a facer una diagnose xeral do polígono, tratándose dunha maneira específica na elaboración dos cuestionarios dirixidos ás empresas instaladas neste polígono, posto que o obxectivo é realizar una recompilación de información nas empresas do polígono buscando fundamentalmente dúas cousas: problemas común e posibles sinerxías entre as empresas instaladas en cada polígono. Neste caso, como dixemos antes, as conclusións poden servir para albiscar cal é o nivel medio de coñecemento e prácticas medioambientais nas empresas localizadas nos polígonos industriais destas comarcas, posto que máis do 80 % das empresas participantes neste proxecto están localizadas en polígonos industriais, desenvolvendo unha ampla diversidade de actividades (sendo as máis representativas as relacionadas coa distribución, a construción e o sector siderometalúrxico).

En canto ás principais conclusións deste informe, agruparémolas nos seguintes apartados:

- 5.1.- Sistemas de Xestión Certificados
- 5.2.- Coñecemento da Lexislación Medioambiental aplicable
- 5.3.- Nivel de Formación Ambiental
- 5.4.- Procesos de Xestión Ambiental
- 5.5.- Aspectos Medioambientais
- 5.6.- Xestión de Residuos
- 5.7.- Plans de Emerxencias Medioambientais

5.1.- Sistemas de Xestión Certificados

En termos xerais o Sistema de Xestión máis estendido entre as empresas destas comarcas son as certificacións ISO 9000, de Calidade, que están implantadas nun 50% das empresas que participaron neste proxecto. Cabe destacar os polígonos de Vilar do Colo e Penapurreira, onde máis do 65% das empresas participantes tiñan certificación nestes sistemas. Por el contrario nos polígonos de Río do Pozo e Os Airíos a porcentaxe das empresas participantes que teñen implantado e certificado estes sistema de xestión é inferior ao 45%.

En canto á implantación de Sistemas de Xestión Medioambiental (SXMA), o número de empresas participantes que teñen certificacións neste tipo de sistemas é inferior ao 25% do total, destacando o caso do polígono de Penapurreira, onde un 65% das empresas participantes teñen implantados e certificados este tipo de sistemas, fundamentalmente a ISO 14001, aínda que hai dúas empresas certificadas en EMAS.

5.2.- Coñecemento da Lexislación Medioambiental aplicable

O coñecemento da lexislación medioambiental aplicable á actividade é medio-baixo na maioría das empresas participantes. Só un 30% das empresas teñen un nivel de coñecementos considerado como alto, e coinciden con aquelas empresas que teñen implantado un SXMA (ou que están no proceso de implantación).

5.3.- Nivel de Formación Ambiental

O nivel de formación das empresas dos polígonos de Eume e Ferrolterra é baixo. Se ben case o 50% das empresas participantes (que coincide coas empresas que teñen algún sistema de xestión implantado) afirman ten un plan de formación, practicamente ningunha ofrece formación relacionada cos aspectos medioambientais que afectan á empresa. As temáticas de formación máis ofertadas son as relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais (que son de obrigado cumprimento por lei), seguido por formación específica na área de actividade da empresa. Só 3 das 76 empresas participantes afirman ofertar formación ambiental aos seus traballadores.

5.4.- Procesos de Xestión Ambiental

Neste apartado contempláronse fundamentalmente dúas cuestións: a primeira relacionada coa existencia dunha política ambiental dentro da empresa e a segunda en canto a existencia dunha persoa responsable da área de medioambiente.

A maioría das empresas participantes non teñen definida unha política medioambiental na empresa. Agás algunhas excepcións, só as empresas certificadas cun Sistema de Xestión Medioambiental (e as que están no proceso de implantación) contan cunha política Medioambiental que contempla o compromiso de mellora continua, velando polo cumprimento dos requisitos do produto ou servizo ofrecido e a lexislación medioambiental.

Esta circunstancia repítese en canto á existencia dunha persoa que exerza a responsabilidade en canto ás cuestións relacionadas co medioambiente, posto que menos do 50% das empresas participantes teñen un cargo ou persoa encargado das temáticas ambientais. Só nas empresas certificadas cun SXMA existe un cargo específico de Responsable de Medioambiente, se ben hai que dicir que nalgunhas empresas o cargo de Responsable de Calidade tamén contempla as tarefas correspondentes ao Responsable de Medioambiente, aínda que nestes casos a principal función relativa ao medioambiente céntrase na contratación de xestores de residuos e no control dos albaráns entregados por estes.

5.5.- Aspectos Medioambientais

Unha das obrigas legais das empresas no ámbito do medioambiente é establecer procedementos para identificar os aspectos ambientais de cara a coñecer cales teñen ou poden ter un impacto ambiental significativo. Esta obriga legal non se traduce nunha acción por parte das empresas para identificar estes aspectos, xa que só 25 das empresas participantes (aproximadamente un 30%) teñen identificados estes aspectos ambientais. Estas mesmas empresas son as que teñen unha planificación para reducir o impacto destes aspectos ambientais xerados pola actividade da empresa. Unha vez máis coincide que son as empresas que teñen un SXMA as que identifican os aspectos ambientais e teñen unha previsión de actuar sobre os mesmos a fin de minimizar o seu impacto.

5.6.- Xestión de Residuos

Unha das cuestións que maior interese suscita entre os empresarios no referido á xestión medioambiental das empresas é a relacionada coa Xestión dos Residuos. Esta é outra das obrigas legais das empresas no ámbito do medioambiente, e dada a importancia que se lle está a dar desde a administración a este tema compréndese porque é o aspecto que maiores niveis de cumprimento rexistra entre as empresas participantes, sobre todo no referido á contratación de Xestores Autorizados, á habilitación de espazos dedicados ao almacenamento de residuos e a unha correcta segregación dos residuos xerados na actividade.

Pola contra, os aspectos menos traballados no referente á xestión de residuos serían á inscrición como produtor de residuos no SIRGA, o cumprimento dos prazos de almacenamento dos residuos, o correcto etiquetado dos residuos e a realización dun rexistro de residuos para efectuar o seguimento marcado pola lei. Cuestións básicas que poderían ser abordadas polas empresas, sen incorrer en maiores custos de produción, se simplemente se contemplase unha maior formación do persoal no referido ás temáticas ambientais.

5.7.- Plans de Emerxencias Medioambientais

Este é outro dos aspectos marcados como obrigatorios pola lexislación medioambiental vixente. Como na maioría dos casos anteriores só as empresas que están certificadas cun SXMA cumpren co requisito de ter un plan de emerxencias medioambientais para saber como actuar no caso de existir un accidente ou incidente puntual que afecte ao medioambiente.